



Concello de Mugardos
(A Coruña)

Actividade Convocatoria sesión ordinaria Pleno
Número expediente PLN/2024/16

PLN/2024/16.- ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE MUGARDOS O DÍA DEZAOITO DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.

Sendo as dezanove horas e trinta e tres minutos do dezaeito de decembro do ano dous mil vinte e catro, en primeira convocatoria, réunese o Pleno aos efectos de celebrar a sesión ordinaria, baixo a presidencia do Alcalde, Juan Domingo de Deus Fonticoba, contando coa presenza dos seguintes concelleiros/as:

Cadro de asistencias	
Concelleiro/a	Asistencia
Juan Domingo de Deus Fonticoba	Asiste
José Miguel Mahía Prados	Asiste
Jorge Manuel Kuntz Peiteado	Asiste
Ana Varela Bastida	Asiste
Begoña María Gómez Díaz	Asiste
Evaristo Deus Deus	Asiste
Verónica Fernández Varela	Asiste
Javier Cartelle Cudilleiro	Asiste
Ignacio Fernández Fernández	Asiste
José Ángel Martínez Bardanca	Asiste
Marta Ruiz del Ganso	Asiste
María Dolores González Lorenzo	Non asiste
Iván Martínez González	Non asiste





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Excusan a súa asistencia a concelleira Dolores González Lorenzo e Iván Martínez González.

Actúa como secretaria a titular do posto de secretaria xeral, Dna. Paula E. Ramos Díaz.

Coa presenza da interventora, Dna. Ana María Gómez Peña.

Déixase constancia de que para os efectos do cumprimento do deber de publicidade activa e de conformidade co establecido no artigo 5.3º da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno, a acta reflicte as operacións de disociación de datos de natureza persoais necesarias así como as impostas polo artigo 51 do Real Decreto Lexislativo 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, aparecendo os datos disociados mediante signo ortográfico dobre corhete.

Aberta a sesión pola presidencia, éntrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

1º.- SECRETARÍA.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 27.11.2024 (2024-0015). Para os efectos previstos no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese á consideración do Pleno:

- Borrador da acta da sesión ordinaria realizado polo Pleno con data 27.11.2024 (2024-0015).

Sometida a votación ordinaria acádase o seguinte resultado:

Grupo municipal	PP (5)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (2)
Sentido do voto	A favor	A favor	A favor	Ausentes na sesión

En función do resultado, préstase aprobación a acta.

2º.- CULTURA.- EXPEDIENTE 2342/2024.- CONVENIO PARA A RENOVACIÓN DA PERMANENCIA NA REDE DE BIBLIOTECAS DE





Concello de Mugardos
(A Coruña)

GALICIA DOS SERVIZOS BIBLIOTECARIOS MUNICIPAIS . Elévase á consideración do Pleno o expediente administrativo aberto na ferramenta de administración electrónica Gestiona núm. 2342/2024, previamente ditaminado pola Comisión Informativa Permanente de Educación, cultura, Turismo e Deportes en sesión ordinaria realizada con data 05.10.2024.

Abre o exame deste punto da orde do día o Alcalde dando conta da finalidade do expediente para os efectos de renovar o compromiso integración da Biblioteca Pública Municipal de Mugardos na Rede de Bibliotecas de Galicia.

Non subscitándose debate ningún e sometida a proposta a votación ordinaria, acádase ao seguinte resultado:

Grupo municipal	PP (5)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (2)
Sentido do voto	A favor	A favor	A favor	Ausentes na sesión

En atención ao resultado da votación, o Pleno en uso das facultades previstas no art. 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, adoptou o **seguinte acordo**:

Primeiro.- Renovar o compromiso de integración da Biblioteca Pública Municipal de Mugardos na Rede de Bibliotecas de Galicia.

Segundo.- Aprobar a sinatura do convenio, o cal terá unha vixencia de catro anos a partir da data da súa sinatura, entenderase prorrogado automaticamente por prazos anuais ata o límite previsto no artigo 49 da Lei 40/2016, do 1 de outubro, de réxima xurídico do sector público.

Terceiro.- Facultar ao alcalde para a sinatura do convenio.

Cuarto.- Designar como representante do Concello de Mugardos na Comisión Mixta de Seguimento á concelleira de Cultura, Educación, Deportes e Turismo, Begoña María Gómez Díaz, (Delegación da Alcaldía: R.A. 2024-1008 de 30.08.2024).

Quinto.- Na medida en que o prazo de vixencia excederá do mandato corporativo, inteprésase que o competente para a súa aprobación debe ser o Pleno, réxime de maioría simple (artigo 22 e 47.1º LBRL).





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Sexto.- De conformidade co establecido no art. 8.1º.b) Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, o convenio finalmente asinado deberá ser publicado no Portal de Transparencia.

3º.- SECRETARÍA.- EXPEDIENTE 869/2021. EXPROPIACIÓNS FORZOSAS. EMENDA RELACIÓN DE TITULARES, BENS E DEREITOS AFECTADOS.- Elévase á consideración do Pleno o expediente administrativo aberto na ferramenta de administración electrónica Gestiona núm. 869/2021, previamente ditaminado pola Comisión Informativa Permanente de Urbanismo, Rehabilitación, Mobilidade e Réxime Interior en sesión ordinaria realizada con data 12.12.2024.

Abre o exame deste punto da orde do día o portavoz do grupo PP e concelleiro delegado de Urbanismo, Rehabilitación, Mobilidade e Réxime Interior para explicar a finalidade do expediente e do ditame.

Non subscitándose debate e sometida a proposta a votación ordinaria, acádase ao seguinte resultado:

Grupo municipal	PP (5)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (1)
Sentido do voto	A favor	Abstención	A favor	Ausentes na sesión

En atención ao resultado da votación, o Pleno en uso das facultades previstas no art. 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, adoptou o seguinte **acordo**:

Primeiro.- Emendar o erro padecido no “ANEXO.- RELACIÓN DE TITULARES, BENS E DEREITOS AFECTADOS” ao acordo de Pleno adoptado no expediente administrativo aberto na ferramenta de administración electrónica Gestiona 869/202, sesión ordinaria realizada con data 31.07.2024, modificando o seu texto , de xeito que onde dí:

“... ”

ANEXO.- RELACIÓN DE TITULARES, BENS E DEREITOS AFECTADOS

Nº fincas	Polígono	Número	Superficie total	Superficie afectada/Pleno dominio	Titulares DNI	Clasificación urbanística	Situación básica do solo
1	15	316	3.614,00	32 m2	Herdeiros/as	Solo rústico	Rural





Concello de Mugardos
(A Coruña)

			m2		[***3720***] (25%)		
					Herdeiros/as [***5715**] (25%)		
					[***7755**] (25%)		
					Desconocidas (25%)		

...”

Debe dicir:

“ ANEXO.- RELACIÓN DE TITULARES, BENS E DEREITOS AFECTADOS

Nº fincas	Polígono	Número	Superficie total	Superficie afectada/Pleno dominio	Titulares DNI	Clasificación urbanística	Situación básica do solo
1	15	316	3.614,00 m2	32 m2	Herdeiros/as [***3720***] (25%)	Solo rústico	Rural
					Herdeiros/as [***5715**] (25%)		
					[***7755**] (25%)		
					Herdeiros/as de [***7755**] (25%)		

...”.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Segundo.- Para os efectos do cumprimento integrado do Real Decreto Lexislativo 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario e a LO 3/2018, de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, a publicación da acta reflectirá os datos disociados.

Terceiro.- Proceder á realización dos trámites previstos no art artigo 56 do Decreto de 26 de abril de 1957 polo que se aproba o Regulamento da Lei de Expropiación Forzosa con conservación de aqueles actos cuxo contido permaneza invariable tras a emenda do erro por omisión padecido no acordo adoptado.

4º.- SECRETARÍA.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE PARA A CREACIÓN INMEDIATA DUNHA UNIDADE DE REHABILITACIÓN CARDÍACA NA ÁREA SANITARIA DE FERROL.- Escrito de moción presentado con data 10.12.2024, número rexistro de entrada 2024-E-RPLN-20, do que se deu traslado á Xunta de Portavoces realizada con data 12.12.2024 e que responde ao seguinte tenor:

“Segundo a OMS, “a Rehabilitación Cardíaca (RC) é un conxunto de actividades necesarias para asegurar ás persoas afectas de cardiopatías, unha condición física, mental e social óptima, que lles permita ocupar, polos seus propios medios, un lugar tan normal como lles sexa posible na sociedade” (ano 1964).

En España, a cardiopatía isquémica é a primeira causa de mortalidadeR provocando un elevado custo económico, social e unha deterioración importante da calidade de vida das persoas afectadas.

Os programas de Rehabilitación Cardíaca son sistemas terapéuticos multifactoriais, destinados a persoas que padecen enfermidades do corazón.

Neles, a práctica de exercicio físico programado e a actuación sobre os factores de risco cardiovascular, conséguense ralentizar a progresión da arteriosclerosis e unha diminución de novos episodios coronarios, así como o número de hospitalizacións e mortalidade por cardiopatía isquémica, mellorando benestar das persoas afectadas por esta doenza e a súa reinsertión sociolaboral.

As guías de práctica clínica internacionais, recomendan, sistematicamente que os pacientes con enfermidades cardíacas participen nos programas de RC para a prevención secundaria integral, con máxima evidencia, segundo o rexistro COCHRANE realizado en 2019.

O momento en que se debe iniciar unha RC xorde coa denominada Fase I: fase de ingreso hospitalario dirixida a non perder masa muscular ou elasticidade co repouso.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

A Fase II: É o período máis importante da rehabilitación. Iníciase tras o alta hospitalaria comprendendo os dous primeiros meses.

Nesta fase se programa o nivel de exercicio de cada doente, segundo as súas características clínicas e proba de esforzo, tentando evitar complicacións.

A Fase III: Debe durar toda a vida do doente. Tenta unha reintegración do doente á súa contorna socio-laboral e familiar.

Interesa lembrar os indicadores nas unidades de rehabilitación cardíaca, onde se conseguen magníficos resultados, nas persoas afectadas por esta doenza, así podemos ver que:

- 1) O 70% dos doentes conseguen obxectivos de control lipídico <55 mg/dl. Para iso o 80% dos doentes reciben tratamentos combinados con estatina de alta potencia e ezetimiba. O 5% reciben terapias con IPCSK9.
- 2) O 60% dos doentes son hipertensos, deles o 90% terminan os programas coa hipertensión arterial controlada.
- 3) O 35% son fumadores ao comezo dos programas, pero o 93% consegue o cesamento do tabaquismo ao alta.
- 4) O 27% ten diabetes e de eles ao alta o 90% reciben tratamento con protección cardiovascular e renal.
- 5) O 63% dos atendidos teñen sobrepeso ou obesidade e a metade deles perden peso, mesmo en programas curtos.
- 6) O 80% dos doentes melloran máis dun MET a capacidade funcional ao terminar o programa de rehabilitación cardíaca.

A instalación de Unidades de Rehabilitación Cardíaca, en Galicia, non é equitativa, en relación as áreas sanitarias existentes.

Unha situación que debe ser corrixida para evitar a desigualdade social e que o peso do código postal dos doentes galegos, sexa o maior factor de desequilibrio territorial.

Por elo, é esixible e necesario que todos os hospitais galegos, dispoñan de unidades de rehabilitación cardíaca, ben dotadas de recursos técnicos e humanos.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Na actualidade, en Galicia, existen seis unidades de RC no Servizo Galego de Saúde: Lugo, Santiago, Ourense, Pontevedra, Vigo e Barbanza.

A Unidade máis antiga é a de Lugo, contando con novas instalacións no hospital Lucus Augusti.

A unidade de RC do Hospital Universitario de Santiago conta cun Programa Multidisciplinar de Rehabilitación Cardíaca da sanidade pública compostelá, valorando a máis de 2.000 doentes desde a súa posta en marcha en 2015. Colabora cunha unidade de RC no centro de saúde da Estrada, con doentes de baixo risco. No Clínico conseguiron reducir a morbilidade nun 25% entre quen es sufriron algún episodio cardíaco.

Na área compostelá, o hospital comarcal de Barbanza dispón dunha pequena unidade de RC para unha poboación de 60.000 habitantes.

Na área de Pontevedra a colaboración entre varios servizos sanitarios, Cardiología, Medicina Física e Rehabilitación, permitiu no 2021, crear no CHUP unha Unidade interdisciplinar de RC, que abarca a Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés e prevé atender unha media de 16 doentes á semana e uns 200 cada ano. A Unidade atopase na cuarta planta do Hospital Montecelo e contará cun cadro profesional formado por un médico de Cardiología, un facultativo de Rehabilitación, dous técnicos de Fisioterapia e un efectivo de Enfermería.

A Unidade de RC do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo, foi ampliada recentemente, para atender 200 doentes cada ano.

A Área sanitaria de Ourense, incorporou, neste ano 2024, unha Unidade de RC no CHOU, cunha media de atención de 30 doentes a semana

Pero na Área Sanitaria de Ferrol, carecemos de Unidade de Rehabilitación Cardíaca. Un feito incomprensible, dado que a Área Sanitaria de Ferrol, é unha das que teñen maior incidencia de episodios de insuficiencia cardíaca o que fai prioritario a existencia de ese servizo.

A Área de Ferrol, conta cunha poboación de máis de 3000 doentes que superaron un episodio de cardiopatía e que precisarían da atención de estes servizos de rehabilitación cardíaca. A incidencia anual é de máis de 500 infartos de miocardio que, por fortuna, en gran parte actualmente se recuperan, pero que precisan dunha atención especializada e dun proceso específico de rehabilitación.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Pero estes doentes, atópanse totalmente desprotexidos e abandonados polo Servizo Público Galego de Saúde xa que, o Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol, non dispón desa necesaria Unidade de Rehabilitación Cardíaca.

Por elo, os doentes de cardiopatía da área de Ferrol, teñen que desprazarse a Santiago ou a Lugo que son os hospitais públicos mais próximos que dispoñen deste servizo.

Isto supón unha grande dificultade, para as persoas que padecen esta doenza e as súas familias, xa que o traslado ten que realizarse por medios propios ou públicos, xa que non son atendidos polo transporte sanitario.

Este desprazamento, con leva un custe adicional que, en moitas ocasións, non pode ser afrontado polos doentes de sectores económicos vulnerables, o que aumenta aínda máis a desigualdade a hora de acceder a un servizo público esencial, como é a sanidade, que debería ser unha das principais preocupacións da Consellería de Sanidade.

En suma, entendemos que non é de recibo que a Consellería de Sanidade manteña a Área sanitaria de Ferrol sen este servizo tan importante para a saúde e a calidade da atención sanitaria da nosa poboación, un feito que supón unha desigualdade e agravio manifesto e inaceptable, con respecto as outras áreas sanitarias galegas que si dispoñen de este servizo.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Mugardos propón ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

- O PLENO DO CONCELLO DE MUGARDOS INSTA Á XUNTA DE GALICIA Á CREACIÓN INMEDIATA DUNHA UNIDADE DE REHABILITACIÓN CARDÍACA NA ÁREA SANITARIA DE FERROL, PARA DAR SERVIZO AOS NUMEROSOS DOENTES DE CARDIOPATÍAS EXISTENTES NA MESMA.”

Abre o exame deste punto da orde do día o portavoz do grupo municipal PSdG-PSOE explicando o sentido da moción e do acordo que se eleva á consideración do Pleno.

Non subscitándose debate ningún e sometida a proposta a votación ordinaria, acádase ao seguinte resultado:

Grupo municipal	PP	BNG	PSdG-PSOE	EU
	(5)	(3)	(3)	(2)
Sentido do voto	A favor	A favor	A favor	Ausentes na sesión





Concello de Mugardos
(A Coruña)

En atención ao resultado da votación, o Pleno en uso das facultades previstas no art. 25.1º da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, adoptou o seguinte **acordo**:

Primeiro.-Instar á Xunta de Galicia á creación inmediata dunha unidade de rehabilitación cardíaca na área sanitaria de Ferrol, para dar servicio aos nუმerosos doentes dde cardiopatías existentes na mesma.

5º.- SECRETARÍA.- MOCIÓNS URXENTES

Non se formulan.

6º.- SECRETARÍA.-ESTADO DE EXECUCIÓN DE ACORDOS PRECEDENTES.-
Dáse lectura á dilixencia estendida por Secretaría con data 12.12.2024:

“... ”

“EXPEDIENTE 870/2022. MODIFICACIÓN PARCIAL REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL AS LAGOAS. Pendente de visado polo Servizo de Inspección de Familia e Menores da Consellería de Política Social e Xuventude da Xunta de Galicia, téndose recibido, con data 31.10.2023, requirimento de corrección das normas de funcionamento da escola infantil municipal, téndose emitido informe pola psicóloga municipal en data 16.01.2024, sobre a adaptación do regulamento de réxime interior ás Normas de funcionamento da Escola Infantil Municipal, e informe xurídico pola secretaria da corporación en data 09.02.2024, e téndose elevado o expediente á comisión Informativa de Benestar Social, Educación e Igualdade na sesión celebrada en data 15.02.2024 para a toma en consideración das normas de funcionamento da EIM As Lagoas visadas pola Xunta de Galicia; téndose recibido, con data 15.04.2024, novo requirimento de corrección das normas de funcionamento da escola infantil municipal, tra-lo cal tense emitido, en data 05.11.2024, novo informe pola psicóloga municipal no que se recollen as modificacións que se propón incorporar ao Regulamento de Réxime Interior co fin de dar cumprimento ao requirimento da Secretaría General Técnica de la Consellería de Política Social e Xuventude así como ás instrucións recollidas no Decreto 329/2005 de 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia.

MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA A PROPOSTA DE IMPULSO SOBRE AS OBRAS DE MELLORA DO PARQUE BEIRAMAR, NO SEIXO. Uniuse certificación do acordo ao expediente, ordeándose mediante Providencia do concelleiro delegado de Urbanismo, Rehabilitación, Mobilidade e Réxime Interior o inicio dos trámites necesarios para formalización dun novo convenio

Avda. de Galicia, 45. Tfños.981470338-981470290-981471701 Fax.981472017- 15620 Mugardos
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4





Concello de Mugardos
(A Coruña)

ou negocio xurídico máis adecuado que así se sinala en informe para poder dar continuidade ao uso público en condicións de seguridade xurídica de data 20.09.2023, téndose emitido informes pola secretaria municipal en datas 28.09.2023 e 16.01.2024. Así mesmo pola Sociedade Amigos da Paisaxe Galega tense presentado escrito de alegacións ao contrato de préstamo de uso entre a Sociedade e o Concello, téndose emitido novo informe pola secretaria municipal en data 06.03.2024, e téndose requirido á Asociación a aportación ao expediente de documentación xustificativa e ao redactor do proxecto da obra incluída no POS+ adicional 2/2021 a emisión de informe onde se reflicta á vida útil das obras contempladas no proxecto; Asociación que con data 28.08.2024 ten presentado a documentación xustificativa da propiedade que estimaron por convinte tra-lo requirimento practicado. Así mesmo tense solicitado información ao Arquivo do Reino de Galicia sobre a titularidade de varias fincas situadas en Beiramar; información que ten sido facilitada pola dirección do citado arquivo.

MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdG-PSOE SOBRE MODIFICACIÓN DO USO DA ESCOLA UNITARIA DE O SEIXO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DIRIXIDAS Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS DESTINADOS Á ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES. Uniuse certificación do acordo ao expediente, ordeándose mediante Providencia de Alcaldía a continuación da tramitación para solicitar a efectiva desafectación da EEI así como a emisión de informe da traballadora social e arquitecta municipal para os efectos de verificar a aptitude urbanística do posible destino a un uso asistencial público para persoas maiores.

EXPEDIENTE 197/2023.- SOLICITUDE DE AXUDA PERTE PROXECTOS DE MELLORA DA EFICIENCIA DO CICLO URBANO (PERTE DIXITALIZACIÓN DO CICLO DA AUGA), NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILENCIA. 2ª CONVOCATORIA AGOSTO 2023 (BOE Nº 183 DE 2 DE AGOSTO DE 2023). Pola dirección Xeral da Auga do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico tense requirido a aclaración sobre diversos aspectos da solicitude presentada que non supoñan a reformulación nin mellora desta (número rexistro de entrada 2024-E-RC-3427, de 17.07.2024), téndose confeccionado polo Concello de Mugardos documentación aclaratoria das cuestións que a este concello lle atinxen remitidas ao concello de Ares para a súa presentación en tempo e forma con data con data 23.07.2024 (declaración actuacións anteriores; declaración de non ter recibido axudas; declaración/aclaración detalle orzamento e declaración xeneración ingresos).

INICIO ACTUACIÓN EXPROPIACIÓN FORZOSA CON DECLARACIÓN DE URXENTE OCUPACIÓN “AMPLIACIÓN DA REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS EN O MONTE (SANTIAGO DE





Concello de Mugardos
(A Coruña)

FRANZA)" POS +2024. Uniuse certificación do acordo adoptado ao expediente e deuse inicio ao trámite de información pública mediante a remisión de anuncio ao Boletín Oficial da Provincia e ao BOE, e con notificación individual ás persoas propietarias interesadas identificadas; téndose publicado anuncio no indicado Boletín Oficial da Provincia núm.179 de data 17.09.2024 e nun dos diarios de maior difusión provincial con data 19.09.2024 (diario La Voz de Galicia, Comarcas), sen que durante o prazo de información pública se teña presentado reclamación ou suxerencia algunha, segundo consta no informe emitido pola funcionaria encargada do rexistro xeral do Concello de Mugardos. Advertido erro na relación de titulares, bens e dereitos afectados aprobada polo Pleno da Corporación procedeuse a iniciar os trámites para emendar o erro padecido conservando aqueles actos cuxo contido permaneza invariable tras a emenda do erro padecido no acordo adoptado.

EXPEDIENTE 848/2023. PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ ADICIONAL 3/2024. Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado do acordo á Deputación Provincial de A Coruña, téndose aprobado pola Deputación Provincial de A Coruña, na sesión realizada o 22 de novembro de 2024, o PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) ADICIONAL 3 /2024 - POS+ ADICIONAL 3/2024 - CONCELLOS CON GASTO CORRENTE.

EXPEDIENTE 848/2023. PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ ADICIONAL 2/2024. NOVA SOLICITUDE. Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado do acordo á Deputación Provincial de A Coruña, téndose aprobado pola Deputación Provincial de A Coruña, na sesión realizada o 22 de novembro de 2024, a 2ª FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) ADICIONAL 2/2024 - 2ª FASE DO POS+ ADICIONAL 2/2024 POR MAIOR ACHEGA PROVINCIAL, estando condicionada a aprobación definitiva da obra de “Renovación e mellora cubrición pista deportiva de O Cristo” ao cumprimento das condicións singulares que se indican na Circular sobre a aprobación remitida pola Deputación Provincial.

EXPEDIENTE 1739/2024. INTEGRACIÓN DO CORPO DE POLICÍA LOCAL DO CONCELLO DE MUGARDOS NO “SISTEMA DE SEGUIMENTO INTEGRAL DOS CASOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO” (VIOGEN). Uniuse certificación do acordo adoptado ao expediente.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

EXPEDIENTE 1266/2024.- APROBACIÓN EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MC 11/2024. Uniuse certificación do acordo adoptado ao expediente, abríndose un prazo de exposición ao público tras a inserción de anuncio no BOP nº 198 de 14 de outubro de 2024 e a publicación do mesmo nos taboleiros de anuncios do Concello, sen que no prazo de presentación de alegacións se teña presentado alegación alguna, segundo consta en informe emitido por funcionaria do rexistro xeral do Concello, téndose publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 226, de data 22.11.2024, anuncio de aprobación definitiva da modificación orzamentaria MC 11/2024.

EXPEDIENTE 1265/2024.- APROBACIÓN RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 02/2024. Uniuse certificación do acordo adoptado ao expediente, e pola Resolución da Alcaldía núm. 2024-1276 e 2024-1366 acordouse ordenar o pago das facturas incluídas nas relacións contables de facturas F/2024/10 e F/2024/12.

EXPEDIENTE 345/2024. MODIFICACION BASES EXECUCIÓN DO ORZAMENTO MBE0 01/2024. Uniuse certificación do acordo ao expediente publicándose anuncio de aprobación inicial no Boletín Oficial da Provincia núm. 233, de data 03.12.2024.

EXPEDIENTE 2324/2024. RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CREDITOS 05/2024 (RELACION F/2024/49). Uniuse certificación do acordo adoptado ao expediente.

EXPEDIENTE 1672/2024. RECTIFICACIÓN 19ª DO INVENTARIO DE BENS MUNICIPAIS E REFUNDIDO DAS RECTIFICACIÓNS 1ª Á 19ª, AMBAS INCLUSIVE. Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado do mesmo, xunto co “Anexo I.- Rectificación 19ª do inventario de bens e dereitos. Altas, baixas e variacións patrimoniais durante o periodo comprendido do 01.01.2023 ao 31.12.2023”, á Administración Xeral do Estado e á da Comunidade Autónoma.

EXPEDIENTE 1384/2023. CAMBIO DE DATA DE CELEBRACIÓN DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO E DA XUNTA DE VOCEIROS CORRESPONDENTES AO MES DE DECEMBRO 2024. Uniuse certificación do acordo adoptado ao expediente.

MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA Á SITUACIÓN DO IDIOMA PROPIO DA GALIZA E Á ADOPCIÓN DE MEDIDAS PARA A SÚA NORMALIZACIÓN. Uniuse certificación do acordo adoptado ao expediente, remitiuse á Concelleira da Área de Cultura, Educación, Deportes e Turismo copia da moción presentada e certificación do acordo adoptado, e deuse traslado do citado acordo ao Parlamento da Galiza, á Consellaría de Cultura, Lingua e Xuventude, e á Plataforma Queremos Galego.”





Concello de Mugardos
(A Coruña)

7º.- SECRETARÍA.- RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DENDE O DERRADEIRO PLENO ORDINARIO QUE COMPRENDE AS NUMERADAS ENTRE O 2024-1349 AO 2024-1452.

O Pleno da por realizado o trámite.

8º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Rogos	
Portavoz PSdG-PSOE	Mostra a súa preocupación polos temas sanitarios como así reflicte a moción do pasado pleno e do día de hoxe. É un tema que hai que tratar e cuidar e é importante poder escoitar á veciñanza como a presente na sesión.
Portavoz BNG	O pasado 31.07.2024 despois das reclamacións realizadas polos colectivos veciñais que xa o levaban pedindo anos á Corporación que crease un consello municipal sobre o estado sanitario dende as competencias municipais, aprobouse unha moción polo Pleno. Roga por tanto a este Goberno que proceda a dar inicio aos trámites para por en marcha o Consello municipal de saúde e benestar social xa que se decidiu por dito órgano colexiado que é unha cuestión prioritaria.

Non habendo máis asuntos que tratar o Alcalde levantou a sesión sendo as dezanove horas e corenta e oito minutos, estendéndose a presente acta da que como secretaria dou fe e que conta cun soporte de grabación en audio cuxa pegada dixital é:

F38F10217F97DA2DB6747600397A0546162A81724389BD86EA6618281DD60A26

Visto e prace

O Presidente

A secretaria

Juan Domingo de Deus Fonticoba

Paula E. Ramos Díaz

Avda. de Galicia, 45. Tfños.981470338-981470290-981471701 Fax.981472017- 15620 Mugardos
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Publícase, no taboleiro de anuncios deste Concello, o contido dos acordos adoptados nesta sesión, de conformidade co disposto no art. 229 do ROF e RXEL, para xeral coñecemento de todos os interesados nos respectivos acordos, aos efectos de que poidan interpoñer, directamente e no prazo de dous meses, dende a publicación, contado a partir da exposición ao público no taboleiro de anuncios, o recurso Contencioso-Administrativo, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto no art. 58 da Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, en relación cos artigos 114.1 c) da Lei 39/2015, de un de outubro, do Procedemento das Administracións Públicas; podendo interpor, pola súa conta, calquera outro recurso, que estime convinte, entre eles o recurso de revisión ante o Concello, por erro de feito que resulte dos propios documentos incorporados ao expediente, de conformidade co artigo 125, da Lei 39/2015; todo isto de conformidade co disposto no art. 58 da Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, en relación co art. 211 do ROF e RXEL.; podendo os interesados interpor calquera outro recurso que estimen convinte.

A secretaría.

Mugardos, na data que figura na sinatura dixital á marxe.

